

Déspotas insensatos,
Forxá, forxá de grillos;
Pode oprimir o ferro,
Un corpo enfraquecido;
Mais as nobres idéas,
E gloriosos instintos...
Eses... non pode, non o
(duro ferro,
Nin a morte, extingullos!
Edoardo PONDAL

A Nosa Terra

PERIODICO GALEGO

¡Barbaros!
Las ideas no se matan!
DOMINGO F.
SARMIENTO

Ano XXVIII

BOS AIRES, SETEMBRO DE 1944

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

Núm. 430

GALEUZCA RECOLLE O SENTIMENTO E ASPIRACIONS DA PATRIA GALEGA

Irmandade Galega de Montevideo, dou a Publicidade os Postulados de Galeuzca

No ano 1932, o día de Galiza, firmouse en Compostela o primeiro pacto de Galeuzca. Era entón un avencellamento de partidos que se propuña traballar pola autonomía dos tres povos. Na América, contando co afervoados entusiasmo das colectividades d'emigrados, republicans nun 90% e autonomistas na casi totalidade, foi renovado aquel pacto dándolle a amplitude i-o alcance que deseguida se indican.

Os povos galegos, vasco e catalán únense para defender os seus intereses moraes e materiais e botalas bases d'un Estado federal peninsular. E con tal fin procurarán:

1º Derrocar o réxime franquista e dar ao Estado hespánol unha estrutura federal republicán basada no moderno conceito das nazonalidades e na realidade peninsular.

O Estado hispánico debe constituirse por pacto e delegación das catro nazonalidades —Galiza, Euzcadi, Cataluña e Castela— e prever e propiciar o futuro ingreso nél de Portugal, co que procurará chegarse, tan logo como as circunstancias o consintan, a mais cumprida solidariedade i-extreita colaboración económica, así como a un intenso intercambio cultural, particularmente entre Portugal e Galiza. Vinculación económico-cultural que terá de estenderse a América, abrangendo por igual aos países de fala castelán que aos de cultura galaico-portuguesa.

2º Outer que sexan garantizados os atributos inherentes a persoalidade dos individuos e das nazonalidades.

3º Consolidar interiormente o Estado i-elevar a sua categoría e prestixio no exterior.

4º Levar a cabo un movimento agrario e industrial, e de xusticia distributiva, en concordanza coas características locais, coas orientacións económicas de posguerra e cos avances sociais que tenden a asegurar un outo nível de vida.

5º Lograr a protección da familia e dar axeitado desenrollo a cultura.

6º Tornar a demagogoxía i-asegurar o orde i-a xustiza.

7º Crear un clima de convivencia social que se atope atemperado pola solidaridade i-a tolerancia.

Galeuzca é a unión de galegos, vascos e cataláns. Non é unha unión de partidos, senón de povos

Estensión de Galeuzca. — Galeuzca funciona nos países do Plata, Chile, Brasil, Cuba, México i-Estados Unidos de Norte América.

Posición de Galeuzca. — Galeuzca é a superación do separatismo; Galiza, Euzcadi e Cataluña xúntanse, non para desfacer a Hespaña, non para esnaquizarla, senón para unir a interiormente; para dar ao Estado hespánol unha estructuración que deslinde os problemas particulares dos povos dos xerales do Estado, e faga efectiva, armoniosa e fructífera a unión.

Galeuzca senta as bases d'una renovación total da política hespánola, tanto interior como exterior.

O centralismo, falto do máis pequeno asiso e teimosamente sostido, ten por derradeiro mandor a Franco. A sua historia é por demais desastrosa para que áinda se coide en continuo.

Hespaña sen Portugal será detecte un Estado débil. E Portugal non entrará endexamáis a formar parte d'unha Hespaña unitaria.

Está a vista que soio a unha mínima parte dos nosos problemas se pode aplicar unha lei común.

Tratar de reemplazar o réxime de Franco por outro réxime alleo, como é aquel, a realidade dos nosos povos, sería un absurdo.

Galeuzca ofrece a base dos tres povos más activos e más diferenciados — traballados por un vivo afán de superación — fielmente representados por homes consagrados pola sua popularidade, o seu saber, a sua conducta i-o seu prestixio nazonal e internazonal.

Ningunha soma, ningún desfalecimiento, ningún acto de irresponsabilidade ou inconsecuencia; ningún esceso, ningún afán estrictista, ninguna actitude demagóxica, ningún egoísmo caen sobre das figuras que hoxe ostentan a representación de Galiza, Euzcadi e Cataluña, e encarnan o seu sentir nazonal i-autonómico.

Estes tres povos unidos fronte

te ao feito hexemónico de Castela, sostido polo centralismo responsabel de tantos desastres, son a única esperanza de salvación e de renovación do Estado hespánol.

O libro de Castelao, "Sempre en Galiza", i-o de Aguirre, "De Guernica a Nova-York", mostran as craras os erros do centralismo e sinalan as indiscutibles probabilidadeas que o federalismo ofrece para lograr un brillante porvir.

Estas obras de Castelao e do Presidente Aguirre costituen dous estudos fundamentais, que reciprocamente se complementan, feitos con criterio oxetivo e visión amplia de estadistas que saben enfocar tanto os problemas particulares das suas respectivas nazonalidades como os xeraes do Estado hespánol; e que saben situarse con criterio proprio no panorama europeo e universal, sacando do pasado e do presente as ensinanzas que teñen d'axudar a ourentar o porvir.

A verba destas dúas figuras precrarás i-exemplares barre con todos os perxuidos e mesquinos conceutos que aos centralistas —naturales aliados i-afanosos sucesores de Franco, de todos os cores e climas políticos— lle viñan servindo de cortina para acochar a sua nugalla mental, o seu rutinarismo i-a sua conducta agoista.

Xa non poderán mercadear por máis tempo o tópico dos localismos, da saudade do pasado, dos afans cátivos e do separatismo, para continuaren eles, impasibles diante dos desastres de Hespaña, cantando a sagra unidade da Patria e vivindo coma vermes do seu dor e da sua miseria.

O centralismo i-o unitarismo teñen fracasado definitivamente en Hespaña, e así hai que proclamar nobre, leal e patrióticamente.

Hai que abrir camiño o federalismo, que é hoxe o novo i-o que se axusta a realidade peninsular. E o vieiro de todos os posibilidades económicas e culturais. E o sistema único que possibilita o benestar interior i-o prestixio exterior.

Os libros de Castelao e de Aguirre deben ser lidos por todos os hespánolos e convertirse na súa biblia, no seu catecismo político.

Os más afervoados patriotas galegos residentes na América agrupanxe hoxe, sin distincións de partidos, na Irmandade Galega, a que conta con organizações en Montevideo, Bos Aires, A-

lia galega na cibade de Bos Aires.

No Uruguay siguen o exemplo da Arxentina Casa de Galicia e Irmandade Galega. E a nosa coloña responde eiqui co mesmo fervor patriótico e co mesmo afán autonomista.

En Bos Aires publicanse unhas vinte revistas galegas en forma mais ou menos regular. Todas elas son autonomistas. Tamén se sinalan pola sua predilecta autonomista, ademais de A NOSA TERRA e "A Fouce", o semanario "Galicia" e o periódico "Lugo".

Este imponente espertar patriótico e político da colectividade galega, que acuñou a medida deicar reboldar nos catro feitos consagratorios: o funeral cívico de Bóveda, estituindo a data do seu sacrificio en Día dos Mártires da Patria Galega; a conmemoración do plebiscito do noso Estatuto; o homaxe a Castelao co gallo de ter publicado o libro "Sempre en Galiza", feito que mereceu ser calificado de novo plebiscito extra-territorial; e a serie de actos grandiosos, extraordinarios con que foi festexado o derradeiro Día de Galiza, fainos coriprender i-apreciar o alcance do cambio que se ten operado en Galiza, xa anticipado por informaciones e feitos sintomáticos. Esta pleamar da concencia nazonal galega, non pudo terse producido na emigración sin que houbera tido o seu desbordamento previo no colo da Terra.

O noso povo non soio, sinte nestes intres aquel sacudimento moral que é precursor dos grandes alumeamentos sociais, senón que, quasi d'unha forma istintiva, por un estado de concencia concomitante, dispone a canalizar a corrente dos feitos que s'aveciñan.

Tal é a realidade que estamos vivindo, e da que debemos de tomar a mellor nota para non deixarmos pillar de sorpresa polos próximos acontecementos. Tan próximos que xa nos están pisando os calcañares.

Irmandade Galega, Montevideo 27 de Agosto de 1944.

Telegrama de Pi y Suñer a comunidade Catalana

"EVITACION CONFUSIONES ADVIERTOLES BASES ACUERDO PROPUESTAS AGUIRRE JUNIO PRONTO RESOLVEREMOS AQUI. INFORMESE CASTELAO, COMUNQUELE ADHESION HOMENAJE REITERANDO RESUELTA COOPERACION TRIUNFO GALEUZCA." — Batista Roa, Secretario de Relaciones

Irmandade Galega de Montevideo

Irmandade Galega de Montevideo acordou, na sua derradeira sesión, que foi realizada o domingo 26 do pasado agosto, convocar as irmandades d'emigrados a un congreso nazonal galego, que deberá levarse a cabo o próximo mes de Novembro na cibade de Montevideo. Tamén resolveu espallar un manifiesto por todos os países d'América, e dou a prensa unha nota d'adhesión o programa de Galeuzca. Tanto o comunicado coma o manifesto, aparecen publicados neste número de A NOSA TERRA.

C Neno Galego e a Escola Castelan

por VAZQUEZ DA XESTA

El castellano en la escuela gallega es una valla espiritual entre el alma y el corazón del maestro y el alma y el corazón de los niños y los adultos analfabetos.

ELOY LUIS - ANDRE
(Ensayos, pág. 294)

Os povos somentes se eispresan lexitimamente no idioma criado por eles.

Os homes nados nun país eispresan con lexitimidade a sua dór, a sua ledicia, os seus anceios e as suas inquedanzas, no idioma que éles mesmos criaron. Ese idioma, coma os homes que o construiron é fillo dunha terra, dunha raza e dunha paisaxen que lle deu celme e xeito peculiares, obedecendo a unha necesidade do qué sentían fronte ao mundo onde vivian e loitaban.

Nós, galegos, víctimas dun proceso de INCORPORACION a Castela ou castelanización de Galiza, fomos sometidos a unha de tantas maneiras de esterminio, ou millor dito, a maneira más inxusta de esterminio social da nosa persoalidade: afogamento do poder criativo do noso ritmo de vida, cuio espoñente principal é o idioma.

A INCORPORACION é a política dunha nación que impón e obriga a outra a trocar o seu xeito de vida, de pensamento ceibe, de expresión na sua propia língua, de liberdade de costumbres, de liberdade de vivir dentro dos moldes orixinais da sua veadeira cultura, etc., etc. Semellante procedimento é un aldraxe e tras-troca as liberdades e dereitos que a mesma nación dominante dá conceder ao individuo da comunidade soxulgada. Non pode haber liberdade individual se a comunidade e os seus atributos esenciais ficam baixo poderes alleos que lle impiden escolher o seu propio destino.

Velaí, pois, o caso de Galiza polo que fai ao seu idioma. A teima do Estado hispánico, dende fai séculos foi ié, crumente, abafar o idioma galego. Desterrou das escolas, da igrexa, da vida oficial; creou todo un leixico despeitivo para a nosa língua que levou polos estrados dos teatros, da novela e do verso. Inventou ao galego de zarzuela e do sainete madrileño i espallouno polo mundo adiante. Aonde queira que cheguemos, os nosos ouvidos ficarán feridos polas verbas despeitivas que nos poñen por debaixo do normal das xentes.

O IDIOMA NATIVO INSTRUMENTO XENUINO DA EDUCACION

Apontábamos noutro artigo que o neno galego entra a escola castelan coa sospeita de viaxar por un mundo alleo, estrano a sua vida. Así é: él vai sabedor de atoparse cunha cousa nova e isto ten certo atraitivo para unha mentalidade infantil. Mais, ¡Ouh realidade! axiña se troca ese anceio nunha anguria que lle ficará cravada no mesmo cerne da sua alma. Todo canto ouve i olla na escola non pode asocialo ao seu mundo de representacións tanxibeis. Ele fica nunha mudés forzosa imposta por unha língua que non entende. O mestre fálalle nun idioma que o miúdo non percebe. A escola perdeu para a crianza o atraitivo que tivera antes de traspor sua soleira. Xa nunca máis se establecerá unha corrente afeitiva entre a escola i o neno, primeira condición da pedagogía moderna. Este ambiente é xeral e perdurará ao longo da edade escolar. O neno, no decorrer do tempo, chegará a ler, mecanicamente, a língua imposta. Nun esforzo inxente asemellará, incrusive, a fonética allea; pero endexamás fará outra cousa que o que fai o papagaio: imitar.

O REAXIR DO NENO DIANTE A ESCOLA CASTELAN

O neno fai o qué ve, non o que lle mandan. I ao atoparse diante o mestre que lle obriga crumente a escoitalo nas suas abstractições e vocabulario enteiramente alleos ao mundo da crianza, fica atrafallado, senón aparvado, na máis preta das soedades. A sua imaxinación fuxe da escola e non se arreda do fogar paterno. E cando o mestre remata a sua laboura, deixa o neno a escola coa mesma ledicia con que o preso deixa a cadea. Veleiquí a verdadeira expresión da escola castelan en Galiza; é unha auténtica cadiase para a nosa xente miuda.

A escola castelan, pois, en Galiza, non é unha institución social, un fogar de cultura e vida espirituais. A escola castelan no campo galego (Galiza é campo e mar) é unha cousa allea, incomprendible para o neno que non olla na cultura castelan a chave

que lle abra a porta para o seu vivir galego. Non é un taller onde se traballa e se aprende algo, senón unha casa onde se fala dun mundo estrano, dun saber morto nunha língua eisótica, onde se senten sobrecollos pola efecto de ter que pensar no idioma propio e traducilo no alleo. I é sabido que o idioma é a lareira espiritual de todas as manifestacións da alma, o tesouro psíquico da comunidade.

O povo que non fala a sua língua na escola fica coa alma esmagada, moi por debaixo do analfabeto que ainda non deixou seu ritmo de vida natural. Preferiblemente é sempre un povo de verdadeiros analfabetos a un povo que nada no compreexo de inferioridade pola acción malfadada dos analfabetos ilustrados.

E agora, a esa tristeira paisaxen da escola castelan en Galiza, temos que engadir a acción persoal do mestre cando non é de nacemento galego. Maximéñolo o máis posuído da sua misión e capaz posibel, e tomemos por esceario unha aldea calquera da nosa Terra. Ollaremos axiña que nada xunta ao neno co mestre, e por ende, coa escola. Todo é alleo ante eles. Repéñense agarimosamente. O mestre desfaise en captalo o meio sen conseguilo, e o neno, máis tenramente sinxelo, sente xenreira pola escola e tenlle medo ao mestre. Cando o mestre, coma ocorre en moitos casos, se mofa do idioma e vocabulario do neno, éste, aldraxado, prefire unha malleira dos pais a ir a escola. Castelao, nas suas inmorrentes estampas do vivir galego, chegou a mesma espiña dorsal do problema escolar en Galiza. Por exemplo, aquela onde nos mostra un mestre andaluz perguntándolle a un neno, "cuánto año tiene", e dispois de moito cavilar, o neno miúdo, respondeulle: "año non lle temos ningún, temos unha ouvella". Ou ista outra, onde o neno chorando reprica a seu pai decíndolle: "non vou, non vou. O mestre báteme i a escola cheira que fede".

O desconocemento do dereito ancestral que ten o galego de vivir na sua terra tal como é: como galego, coa sua cultura, sua língua, seu modo de pensar, suas costumes, etc... Esta negación do Estado hispánico leva aparellado o desconocemento do derecho a formar parte do mesmo como galego.

E si se nos negan os atributos esenciais da nosa persoalidade como povo, ¿de qué val o derecho individual (si é que o houbo) nor axeitado ao noso ritmo de vida? Con só pensalo imos cara o ausurdo.

O Porco Ton Razón

Un suceso portentoso a relatar oxe vou.
¡Un porco, en trance de morte, reclamando confesión!

"Eu son — dí o porco do conto — o meirande pecador que en todolos tempos houbo i haberá na creación: faltei aos meus xuramentos cal despreciable traidor; vendín a miña concuencia i a patria ao mellor postor; enhín de mouros a España, que a cobriron de baldón, xunto con xente estraneira, que a morte i o deshonro, contra d'un povo indefenso, a sangue e fogo levou; fun o azoute despidiado que non tivo compasión i os más sagros sentimentos con crueldade pisou; fun un cobarde asesiño, verdugo sin compasión; fun, en suma, un verdadeiro monstruo d'espanto e de horror. Mais agora, arrepentido do mal que fixen estou, e quero, públicamente, pedir a todos perdón; como bó cristian desexo, n'esta hora de aflición, que a conturbada alma miña quede limpia como un sol. Eu non fun soio o culpable, nin tan siquera o pior; outros houbo que esquecendo a súa sagra misión, atizaron a fogueira que a todos nos chamuscou; e colmándome de halagos, gratos á miña ambición, fun somentes un moneco das súas baixas paixóns. ¡Eu era o porco esperado, o ben visto salvador! Así decían a berros todos por aquel entón. Pero como agora os ventos cambearon, maldito són, i os mesmos que me empurraron até ser un malfeitor.

dín que eu soio teño a culpa do que na España pasou.
¡Hipócritas! Recofíze do meu castigo a razón;

pero si a mí me condenan, ¿pode haber ausolución para os que en nome de Cristo causaron tanta dor?
A mí levaránme os demos —xa por descontado o dou—, mais xuro que eles tampouco atoparán salvación, pois antes de que me agarren e de mí fagan rixóns, ¡afundiréi o cortello, morrendo coma Sansón. (!)

VERDUGUILLO.

AXENCA FERNANDEZ
AXENCIA CENTRAL "DODGE"

AUTOMOVILES
E CAMIONS

660 - MORENO - 680
U. T. 33-6484 7444

752 - VICTORIA - 760
U. T. 34 Defensa 7423

Lendo a nosa Prensa

O periódico "Galicia" publicou en editorial no mes de Xullo encol dun tema político hispánico: Federalismo.

O desaxentado autor, veo todo tan sinxelo e simple, que fai como aqueles revolucionarios que coñidan que a revolución consiste en repartirse un bife en anacos iguaes. Tamén poidería ocurrir que a doutrina federal do devandito arrinque de Alfonso Kardes, isto derradeiro foi posiblemente a fonte inspiradora. Daf que nas suas clacubracións dívida a España en catorec anacos, como si dixéramos, Coscollóns de Arriba e Coscollóns de Aba xo, etc., etc.; e dispón nos exemplos como exemplo "vivant" o federalismo de América e pon sobre da da mesa a lección de armonía federal que se exprime, ao seu suizo, entre Mendoza y San Juan.

Asegún os nosos informes, o autor do nomeado editorial naceu en Galiza e, polo tanto, ten a obriga de coñecer a clás de federalismo que existe as necesidades espirituais e materiais do povo hispánico, e moi en particular, as do povo galego. Todo é cuestión de dedicarse a estudar os problemas con ouxetividade.

Para exemplo do que fíca dito, transcribimos da revista "Ariños", aracos dun artigo, cujo autor, Gonzalo Sanz, arxentino, enfoca o problema do federalismo hispánico dunha maneira realista e irrefugable. Veíquelo:

"En unos casos el federalismo es de carácter racial en otros geográfico, en otros político y en otros históricos. Frecuentemente estos caracteres los encontramos juntos, aunque prevaleciendo unos sobre otros".

Mais adiante o autor: "Veamos en España. El elemento racial es alí de singular notoriedad, y si la historia no hubiera sido capaz de llegar hasta esa época (relativamente cercana) en que nos habla bien claro de esto, bastaría pensar en las diferencias netas de los habitantes de unas y otras regiones, por su lengua, rasgos físicos y por sus manifestaciones espirituales".

Pon termo ao dito artigo o doctor Gonzalo Sanz (h), coas seguintes consideracións encol do movimento de galeguismo: "Con estas consideraciones y tornando al galleguismo en esta acepción particular, como corrente de ideas, estamos en condiciones de afirmar que él constituye un pensamiento serio, reflexivo y perfectamente encuadrado dentro de la lógica histórica del pueblo español que no disminuye su esfuerzo general por el acendrado particularismo que es producto de la tierra, y como la verdad está en la naturaleza de las cosas. El galleguismo, en este aspecto estudiado, es un hecho realmente histórico y no una simple manifestación patológica del organismo social español!".

LEONARDO PEREIRA

Encárguelle o seu traxe

•
É BÓ XASTRE
IÉ GALEGO

Sarmiento 1495 1er. piso
U. T. 45-5297 Bs. Aires

CASA DURAN

SOMBREIROS
CAMISAS
BONETERIA
PANTALOS

30 Gral. BOSCH 30
Avellaneda (Piñeiro)
U. T. 22 - 4405

CELTÁ

MERQUEOS EN:
FEDERICO LACROZE 4086
UNHA CASA
ENTEIRAMENTE GALEGA

O seu TRAXE

O seu SOMBREIRO

A sua CAMISA

A sua ROUPA INTERIOR

CELTÁ

MERQUEOS EN:

FEDERICO LACROZE 4086

UNHA CASA
ENTEIRAMENTE GALEGA

O Deber de Galegos Duas Interpretacions do Apóstol Sant-Iago

As diferentes ideoloxías dentro do marco democrático sempre atopan acollida nos anceos dos povos. Ningún gallego patriota pode oportearse ao desenrollo de partidos políticos que teñan por principio filosófico e fonte inspiradora, os sentimentos populares e a constante mellora da vida espiritual e material de Galiza.

Nesta hora, por exemplo, podemos nomear as correntes ideolóxicas principales: Republicanos de moitos matices, Socialistas, Comunistas e organizaciones Obreras e Agrarias. Todas estas agrupacións loitan con fins comunes: A libertade e a xustiza social. Nós coñadamos perciso que esta gama de inquietudes alímee o vieiro que o povo ten de percorrer para conquistar a constante no seu progreder cara ouxentivos más humanos e de maior perfección...

Mais enxerguemos, como entieramente falso, quasi diremos parvo, falar de liberdade do individuo si a Comunidade que é o ser sustantivo, a summa das vontades e dos valores esenciais, non é ceibe. Non se coñece, áinda, a fórmula máxica que faga libre ao home nunha nacionalidade soxulgada a poderes alleos ao seu ritmo de vida.

Partidos políticos galegos sí. Mais partidos que se adxetivan gallegos, pero que as direccións e intereses que os moven fican lonxe i estranos a Galiza, non. Xamás poden ser expresión das necesidades e dos sentimentos da nosa Terra aqueles partidos que non nacen en Galiza e para Galiza.

Arelamos que os partidos políticos galegos sexan, fora cal for a sua ideoloxía, a expresión dos anceos de noso povo. As relacións e a identidade de fins, por exemplo, entre un socialista gallego e outro de calquier dos povos hispánicos, ten que ser, debe ser, de potencia a potencia, xamás de individuos ou grupos baixo a disciplina de intereses alleos ao seu proprio país como veu ocurrido deixa agora.

Para ningunén é un segredo, repetimos, que os diputados por Galiza de partidos non gallegos, tiveron que acatar as direccións alleas e votar no parlamento contra os mesmos intereses da nosa Terra. Exemplo: a lei de arrendamentos e reforma Agraria, amén de centos máis.

Partidos políticos galegos e para Galiza, sí. Partidos políticos que se adxetivan gallegos (por mero escrusivo eleitorero), pero que nascen e viven fora de Galiza e para fins alleos a nosa Patria, non. Republicanos gallegos, socialistas gallegos, comunistas gallegos, anarquistas gallegos, sí. O demás significa vivir perdido no ceo das abstraccións sen chiscar terra nen mar.

El Deber de Gallegos

(TRADUCCION)

Las distintas ideologías nacidas dentro del marco democrático, siempre encuentran acogida en los anhelos de los pueblos. Ningún gallego patriota puede entorpecer el desarrollo normal de los partidos políticos que tengan por principio filosófico y fuente inspiradora, los sentimientos populares y la constante mejora de la vida espiritual y material de Galicia.

En esta hora, por ejemplo, podemos señalar las corrientes ideológicas principales: republicanos de varios matices, socialistas, marxistas y organizaciones obreras y agrarias. Todas estas agrupaciones luchan con fines comunes: La libertad y la justicia social. Nosotros consideramos necesario que esta gama de inquietudes ilumine el camino que el pueblo ha de recorrer hasta conquistar un continuo progresar hacia objetivos más humanos y de mayor perfección.

Pero entendemos, como totalmente falso, hablar de la libertad del individuo si la comunidad, que es el ser substantivo, la suma de las voluntades y de los valores esenciales, no es libre. No se conoce aun la fórmula mágica que haga libre al hombre en una sociedad sojuzgada a poderes ajenos a su ritmo de vida.

Partidos políticos gallegos, sí. Pero, partidos que se adxetivan gallegos, y que las direcciones e intereses que los mueven están lejos de nuestra tierra y son extraños a Galicia, no. Jamás pueden ser expresión de las necesidades y de los sentimientos de nuestro país aquellos partidos que no nacen en Galicia y para Galicia.

Anhelamos que los partidos políticos gallegos, sean, fuera cual fuere su ideología, la expresión de los intereses y deseos de nuestro pueblo. Las relaciones y la identidad de fines, por ejemplo, entre un socialista gallego y otro de cualquiera de los pueblos hispánicos, tiene que ser, debe de ser, de potencia a potencia, jamás de individuos o grupos bajo la disciplina de personas foráneas al sentir de nuestra Patria, como sucedió hasta ahora.

Para nadie es un secreto, repetimos, que los diputados por Galicia de partidos no gallegos, tuvieron que someterse a direcciones extrañas y votar en el parlamento contra los mismos intereses de nuestra Tierra. Ejemplo: la Ley de Arrendamientos y la Reforma Agraria, amén de cientos más.

Partidos políticos gallegos y para Galicia, sí. Partidos políticos que se adxetivan gallegos (por mero luero electorero), pero que nacen y viven fuera de Galicia y para fines ajenos a la Patria gallega, no. Republicanos gallegos, socialistas gallegos, marxistas gallegos, anarquistas gallegos, sí. Lo demás significa vivir perdido en el cielo de las abstracciones.

O QUE DEBE PERGUNTARSE TODO GALEGO

A viva representación da Terra gallega, ten de facer nos ollar: cal é a nosa posición na Península, qué somos en relación cos demás povos peninsulares, qué debemos ser no mar que baña o noso litoral, qué papel lle toca desenrolar a Galiza na Europa, cal a sua significación nas relacións para con América, qué riqueza hai no noso subchán, qué produz o noso chán, cal é a potencia virtual das nosas enerxías na Terra e no mar.

(DISCURSO DO DOCTOR J. NUÑEZ BUA, PRONUNCIADO NO DIA DE GALIZA DE 1944, EN REPRESENTAZON DO CENTRO ORENSEANO)

No máis outo de Ourense, como dende a acrópolis da cidade, que ruben pinas costas polas ruas que escomenzan nas Burgas e no Barbaña, as campás de San Francisco traen o verde fungar dos piñeiros de Maontalegre, que agora teñen os seus candeiros alcendidos. As da Trinidad, o tépedo sopro dos álamos, cheos do rechoucho y dos pardaus, i.e fráxil acento das araucarias, nas que níste mes debulla o roisínol o tesouro da súa gorza. As de Santo Domingo, os decires enxebres dos labregos de Mallas e de San Ciprián, de Cambeo e de Cebolino, adeprendidos, alí a rentes, no Campo de San Lázaro, os días de feira. A língua en que cantau a sua tonada o campanario de Santa Eufemia está falada no latín escolástico dos seminaristas rústicos. A cantiga de Santa María a Nova baixa a correr a escalinata, percorre o tubo dos soportales e trunfa sóber d'ascensas lleras dos "retirados" que matan a sua folganza no Espolón da Praza. Dende a inconcrusa cantería do campanario da Catedral sae desparado, pra se xuntar á da súa irmá das Carmelitas, a cantiga atiprada da Primavera, que hoxe casase co grave sochantra que treme no peito da Maor... E' un unánime, xurdio, trunfal, definitivo repique grorioso de todal-as campás. Ninguna está muda... Tamén canta, coa sua voz pequenicha, a espadaña dos Remedios e, dende o seu catro, berrou, coma de cote, ó romper o dia, un frade de Herbedelo. E pol-a Cuenca de San Cosme baixou a rolos a montesia de Santa Mariña... Todos están no coro polifónico: a vos das campás, a vos das gorzas, as lleras das gaitas tecidas por dedos que adeprenderon do vello Ventoela, as notás dos enxebres pesaceladas que a Bandeira Municipal herdou de Ricardo Courrier.

O pramo incendiado da Praza endemais contivo tanto mundo como isto que hoxe a acogula e que tamén enche a ruas das Tendas, e a do Instituto e a de Pereira e a Barreira... Todas as velhas sruas que baixan ou ruben deixa a Casa Consistorial son unha ovación callada... Nas fenes-tras

"ceo branco de luar,
ceo azul de melodia",
os dous anacos do ceo sen lixos da nosa bandeira inmaculada, porque é bandeira de paz, de traballo, de arar e de cantar.

Eis como vexo eu ó noso Ourense nun próximo Día de Galicia, cando a noite moura da incivilidade crebe as pesadas tebras i-los galos abran as portas ó abrente da nosa recuperación, da nosa decencia colectiva, da nosa Liberdade.

Pra decir este ancelio, os ourensáns de Bos Aires estamos presentes niste aito, ca fe accessa nos peitos, ca esperanza aberta na nosa saudade, ca verba tensa, afirmativa como un sí, nos nosos beizos.

Porque o pobo gallego o quer, porque Galicia non renunciou a ser libre, porque as verbas dos nosos mortos están esquirtas, porque a sua voz fina nos nosos ouvidos i-a sua "is é lus nos nosos ollos, a nosa Terra" está esposta, en vixilia, viva... O seu espírito alenta en cada un de nós con ista arela aberta, inxel, ergueita, in-morrente: Liberdade.

A través dos tempos, os feitos demonstran que non hai poder, que non hai tirania, que non hai infortunio, que non hai negrura que apaguen esa lus, que afoguen ese ancelio, que esegan ese espírito, esa vontade de Liberdade, enraigada nas entrañas da Terra como unha necesidade cósmica, patente, afirmativa, irrenunciable en todal-os intres da nosa Historia. Nin o ilimitado poder dos reis que, según o cronista Zurita, quixeron dormir e castrar a Galicia; nin os grillóns más apertados, nin as lousas misteriosas pudieron conquerir a muidez de Galicia. Nos labres gallegos estivo sempre, ilustre ou anónimo, sabio ou popular, o bérro sagro. Séculos de deixadez, que semellaba renunciamento, non acadaron a queimar a decisión colectiva de ser libres. Os precursores, xenerosos, románticos, sensibles, admirables, non fixeron más que pór en verbo o sentimento popular. Brañas non foi un soñador torozante, nin os seus continuadores — Porteiro, Villar Ponte, Lousada, Vilqueira... — uns resentidos ou uns dilatantes políticos. A sua verba traduxo o sentimento colectivo, encarnado no cerne da alma da nosa Terra.

N-esta data, 25 de Xullo, coincide a festa civil de Galicia i-a litúrxica que a Igrexa consagra a Sant-Iago.

E xa que estamos nunha lenda, choutemos a un mito máis svilo. Conta a Mitoloxía que Zeus, pal omnidente dos deuses, agoneado porque un home, Prometeo, descubrira o fogo, quixo vingarse dos homes. A vinganza fechoua nunha caixa mandada como presente de casamento a fermosa Pandora. Cando a caixa foi aberta asiron d'ela, en morea, todos os vicios, tadolos ruindades, todolos maes; a envexa, a mentira, a fame. E prenderon no peito dos homes, que se trocaron en lobos uns pra os outros." Pro acochada, agachada, isolada no fondo d'aquela caixa ficou, esquinizada, a Esperanza, Coela a humildade pudo ir salvándose... Galicia tamén a sua calxa de Pandora, a Política. Ela meten na nosa Terra a envexa, a desgraza, o desleigamento, a probeza. Mais a Política non esgotou as nosas reservas d'esperanza, que alenta na saudade: saudade da terra, saudade de futuro, saudade de recuperación, saudade de retorno. E a esperanza poderemos salvarnos, sempre que non esquezamos a nosa condición de galegos e seipamos perfeccionar ista condición de ser galegos. Ser galego é un arte, arte dinámico e difícil. Cumple ser galego de onte, pegados á nosa tradición liberal, e galegos de hoxe, cos pés ben afincados, como os de un Anteo, no noso tempo, e galegos de mañán, ca mirada i-a vontade ben cravadas no futuro.

Mestre de iste arte de ser galego foi un ourensán entrainado na nosa lembranza: Alexandre Bóveda. Alexandre Bóveda, galeiro, mestre, soldado e capitán. N'il vivía Galicia como unha lus e como unha crus. Lus, a da sua intelixenza, moza, fresca, espléndida... Crus a da sua vida, na que se cristicaron os anceos, as arelas, o sentimento enxebre do noso pobo. Lus, a do seu entusiasmo. Crus, a do seu martirio, martirio pola liberdade do pobo, martirio pola causa de Galicia e da República.

Lus e Crus de Alexandre Bóveda. Con isa lus e con esa crus, como lábaro e cíbra, como bandeira e siño, Galicia pervive.

Irmáns: Pra ter fe, pra ter esperanza, abonda ter vivas en nós, como unha lus e como unha crus, a lembranza da sua vida, que era iso: Fe i-Esperanza.

IRMANDADE GALEGA DO URUGUAY

Coa presencia d'unha delegación do consello central de Galeuza de Sud-América, tivo lugar en Montevideo o domingo 26 d'Agosto, unha sesión da Galeuza do Uruguay, a que asistiron, Manoel Meilán e Antonio Crestar, en representación de Galiza; Ricardo Guisasola e o Dr. Vicente Ameza, en representación d'Euseadí; e Guillermo Mulet, Francisco París, A. Rosell e o Dr. Bergós Ribalta, en representación de Cataluña.

Entros acordos tomados figura a publicación do siguiente comunicado, que foi publicado na prensa de Montevideo:

- 1o. Derribar o réxime franquista e edarle ao Estado hispánico una estrutura federal republicán, de acordo co moderno conceito das nacionalidades e coa realidade peninsular;
- 2o. Outer que sejan garantidos os atributos inherentes a personalidade dos individuos e das nacións;
- 3o. Consolidar interiormente o Estado e elevar a sua categoría e prestígio exterior;
- 4o. Realizar un movemento agrario e industrial, e de xustiza distributiva, en concordancia coas características locais, coas orientacións económicas de postguerra e cos adiantos que tendan a asegurar un duto e millor nivel de vida;
- 5o. Lograr a protección a familia e impulsar a cultura;
- 6o. Evitar a demagogia e asegurar o orden e a xustiza;
- 7o. Criar un clima de convivencia social que estexa formado pola solidaridade e tolerancia.

PROTESIS Y APARATOS ORTOPEDICOS

En Metal (Duraluminio) Madera o Celulofán

Fabricación argentina controlada por médicos especialistas

ESTABLECIMIENTOS ORTOPEDICOS ARGENTINOS

751 - MAIPU - 757

BUENOS AIRES

La Lengua Gallega y la Lucha por la Cultura en Galicia

El gallego - portugués representa, como lengua cultural de carácter mundial, hablada en Europa, Asia, África y América, la de una población de 70 millones superior, por tanto, al italiano, al francés y al rumano, y casi igual al castellano en España y América. Si por el contrario tiene el valor de lengua mundial, por el contenido o calidad, diremos que es la lengua de Camões, de Guerra Junqueiro, Eca de Queiroz, Camilo Castelo Branco, Curros, Pondal y Rosalía, con una literatura exuberante, sobre todo en el siglo XIX y en Galicia particularmente, con inaudito renacimiento, en el siglo XX.

El mapa lingüístico de la Península ibérica, distribuida en dos estados soberanos (España y Portugal), cuya soberanía en nada se cercena con los hechos y valores de la cultura, está distribuido en la siguiente forma: Grupo Atlántico (Gallego-portugués, 11 millones; grupo central (castellano aragonés), 14; grupo catalán (comprendiendo el valenciano y el mallorquín), 4 1/2; grupo vasco-navarro.

Exactamente las cifras son, según el censo de 1920, las siguientes: Para Galicia y Portugal arrojan 11 millones, comprendiendo la población gallega que vive fuera de Galicia y 8.383.545, comprendiendo solamente la población vernácula; para Castilla y Aragón 13.306.179; para Cataluña, Valencia y Mallorca 4.492.078, y para el país vasco 1.122.345.

El problema del pluralismo lingüístico está planteado en todos los pueblos de Europa.

Las naciones más hechas, (Francia, Gran Bretaña y Alemania) lo tienen también. En las más perfectas como Suiza, conviven fraternalmente el francés, el italiano y el alemán. En Bélgica pugnan el francés y el flamenco, sin inmerar en nada la unidad estatal belga.

PLURALIDAD DE LENGUAS EN ESPAÑA

La lucha por la cultura en el dominio lingüístico adquiere algidez en España, sobre todo en Cataluña y el país vasco, y revélase un arrullador renacimiento en Galicia. Cualquiera que sea el resultado de esta lucha, el futuro estado de la segunda República, no podrá negarse a la realidad inexorable del hecho vivo, de la pluralidad de lenguas, dentro de la República española. Y no se resolverá el problema pretendiendo arrancarlas del alma de los pueblos, que los crearon y en ellos moldearon su espíritu, porque eso sería la peor de las tiranías. Y, además, no hay tiranía posible para el alma. Es inconcebible que un pensador y un filósofo como Unamuno, defienda sin razones el monólogo magistral del castellano: «¡muerte del vasco, siendo vasco y niegue al catalán el título de lengua!». El catalán en la Simbiosis de lucha y selección con el castellano en su vejez, conservó su mapa lingüístico intacto. El castellano y el catalán en el siglo XII se parecían más que hoy.

Hay que aceptar los hechos como son; además, con el firme convencimiento de que una cultura poliglotta en España, no es incompatible con una vida Estatal, orgánicamente integrada en federación viva, por sistemas y órganos vivientes de cultura, que tienen individualidad propia, dentro de la comunidad española. La lucha por la cultura para la hegemonía lingüística no podrá impedirse desde la Gaceta, ni desde el poder; y el resultado final favorecerá a aquella lengua más apta, para la sobrevivencia y para servir de refugio a los valores peninsulares que han de aportarse a la cultura universal. Pero una cosa es la selección y la lucha como proceso de lenguas que coexisten y otra cosa pretender, como Unamuno, matarlas con un artificio de fondo.

Esa arrogante afirmación sintética a priori, por ser gratuita, no merece la discusión. Sea Unamuno o quien sea, quien la haga.

CON QUE DERECHO SE DECRETA LA MUERTE DE LAS LENGUAS ESPAÑOLAS

El amoroso empeño en que cada cual cultiva su propio huerto, no podrá impedir, que en él se marchiten las flores que no resisten el ambiente o que nacen para morir en un día como el caeto. ¿Pero con que derecho se decreta la muerte de las lenguas milenarias? Es temeridad querer prever el porvenir. Pero hay que dar igualdad de condiciones a la lucha y selección por la cultura lingüística. El castellano nada tiene que temer del vasco y del catalán, si saha organizar los valores de su vida espiritual, virando en redondo de la ruta formalista, concepcionista y culturista, que se trazó desde el Renacimiento, dejando de ser lengua de gentes del cuartel, de pulpito y de casino o de academia, y adquiriendo dinamismo

Este trabajo que publicamos hoy en castellano — arredondando da orfebreza idiomática, trazonal de A NOSA TERRA — é motivado pola tenzón de que poída ser lido, e ben comprendido polos leitores castelás, vascos e catalás. Foi escrito polo gran filósofo galego ANDRÉ, en réplica a Unamuno, que nas Cortes hispanolas, co gallo de disertar o Estatuto catalán, pretendeu esmagar, co peso da sua despotica autoridade de enlifa das letras castelás, os idiomas hispánicos, non oficiais: catalán, gallego e vasco.

As argumentacións de ELOY LUIS-ANDRÉ, que dito sexa de peso, ademais de ser filósofo profundo e orixinal, era tamén polígloto, economista, e como bon gallego, poeta, son admirables e dunha lóxica de azor

incontrovertibles, fundamentaes. E ten tanto ou máis valor a sua posesión mental, frente a este e a outros problemas galegos, que ANDRÉ non era un galeguista de partido político. Esta afirmación nosa está avalada pola imaxe laboura de André en 40 anos de preocupacións e inquietanzas encol dos múltiples problemas de Galiza, que éle foi plantearindo e procurando e non dimos resolvendo, porque as solucionas só se poden achatar na autonomía da nosa Terra.

Deixamos, pois, na leitor eo ilustre pensador galego e profesor hispanol na seguranza de que ha de atopar no seu discurso e denso pensamento nuba base sólida en que afirmar as suas ideas e escrarecer as dudas encol do problema do idioma galego.

por
ELOY LUIS-ANDRÉ

creador. Vascos hay en Francia y también provenzales; hay también bretones; y Francia logró la hegemonía del francés, no por la autocerata de Luis XIV, sino por el genio de Voltaire, de Bousset, de Victor Hugo y de Rousseau. Triunfó París con su cultura, y no la corte de Versalles. Nada tiene que temer el castellano del vasco y del catalán, dos minorías lingüísticas respetables en el mapa peninsular, pero aisladas, anegadas, en la convivencia con el francés y el italiano, que lograron hasta hoy una superior literatura. Si se sobreponen a ellas en el porvenir, mejor será para España, más saldrá ganando la República. ¡Ojalá tuviera Cataluña un Mistral o un Dante, compañero de Cervantes o de Comosens!

EL GALAICO-PORTUGUÉS Y EL CASTELLANO

El problema cambia de aspecto tráñose del galaico-portugués — y el castellano. En el siglo XII hubo cooficialidad en ambas lenguas; en el siglo XVI volvió a haberla y bien lo prueban Gil Vicente y Camões, escribiendo en galaico-portugués y castellano son las dos únicas lenguas peninsulares culturales de carácter mundial, pluricontinental. El esplendor que logró la literatura catalana es pléto o euforia de cestes de vital sobrecogida por una polarización de la vida peninsular en Cataluña y, principalmente, en Barcelona, que ha conseguido convertirse en el centro de gravedad económica de España en el siglo XX, a pesar del desfavorable emplazamiento para la actuación. Pero ello data ya desde los Reyes Católicos, cuya política de favor a los puertos de Barcelona y Sevilla sigue, en las Austrias y con alguna excepción de tiempos de Carlos III, continuaron los Borbones; y cuya apoteosis culminó en las dos últimas fracasadas excusiones del último y execrable Borbón. Este esplendor puede ser efímero o puede persistir. Ojalá así sea. Pero al colocarse las lenguas peninsulares en el mismo plano de un derecho común a la vida, de igualdad y libertad para la lucha por la cultura, las condiciones naturales y la ley de herencia y los mismos valores de la cultura favorecerán al castellano y al gallego, sin herir de muerte al catalán y al vasco. El gran escritor mexicano Vasconcelos, prevé en su teoría de la raza Cósmica, la necesidad de la cooficialidad de estas dos lenguas de América, haciendo obligatorio el aprendizaje del portugués, hijo del gallego, a las repúblicas de habla castellana y viceversa, el castellano al Brasil. ¿Lo sabe Unamuno? Si lo sabe se lo calla.

Así, pues, galaico-portugués y castellano, serán las dos lenguas oficiales y cooficiales de la América española. Y porque no también en España. No representan en España, lo mismo con una diferencia de dos millones? No es España viejo solar de la Nueva España de la América Española, integrada por dos estados ibéricos.

LA LENGUA ES A LA VEZ CUERPO Y ESPÍRITU DEL ALMA COLECTIVA

En Galicia misma, el castellano, a pesar de ser la lengua oficial, es la lengua de una minoría de funcionarios que la imponen a la masa de población campesina y obrera que representa más del 90 % de la población total. Más lógico sería que estos funcionarios aprendieran gallego, para llegar a la mutua comprensión, para conversar con nuestros paisanos, que obligarlos a éstos a hablar un castellano que nadie les enseñó. Habilártelos en castellano a ellos, que apenas saben balbucirlo, es recordarles su condición de parias y de esclavos. Es hablarles en lengua de conquistador y de extranjero. Nada diremos de esos falsos gallegos, de esos mestizos, de esos señoritos vendidos, que se avergüenzan de hablar gallego, considerando una ordinaria hacerlo entre personas cultas. Esos ignoran que el rey Sabio dialogó con la virgin en gallego y que en gallego está escrito el poema A VIRXE DO CRISTAL.

El primer derecho que asiste a un pueblo es el de recobrarse integralmente en la posesión de su lengua, que es el diagrama espiritual de su personalidad y de su cultura, el inventario de su patrimonio colectivo. Nada consiguió Galicia con la Repú-

blica si tiene que darle vivas en castellano. Esa República, esos vivas, salen de la garganta; pero no nacen del corazón ni se engendran en el alma. La lengua es a la vez cuerpo y espíritu del alma colectiva. Es el denominador común de todos los valores de cultura de una comunidad. Es el gran poema fraguado en el hogar de los siglos, y moldeado en el yunque de la historia. En el habla vernácula está el grito primitivo de la selva, en los plenilunios célticos para crear la oración, y están los ayes de la madre, que recoge el último beso del hijo que se va. En el gallego para un gallego, está su presente, su pasado y su porvenir, ícos de la madre tierra, voces del cielo de nuestros ideales, sinfonías, bravas de nuestro océano!

El galaico-portugués y castellano son las dos únicas lenguas peninsulares culturales de carácter mundial, pluricontinental. El esplendor que logró la literatura catalana es pléto o euforia de cestes de vital sobrecogida por una polarización de la vida peninsular en Cataluña y, principalmente, en Barcelona, que ha conseguido convertirse en el centro de gravedad económica de España en el siglo XX, a pesar del desfavorable emplazamiento para la actuación. Pero ello data ya desde los Reyes Católicos, cuya política de favor a los puertos de Barcelona y Sevilla sigue, en las Austrias y con alguna excepción de tiempos de Carlos III, continuaron los Borbones; y cuya apoteosis culminó en las dos últimas fracasadas excusiones del último y execrable Borbón. Este esplendor puede ser efímero o puede persistir. Ojalá así sea. Pero al colocarse las lenguas peninsulares en el mismo plano de un derecho común a la vida, de igualdad y libertad para la lucha por la cultura, las condiciones naturales y la ley de herencia y los mismos valores de la cultura favorecerán al castellano y al gallego, sin herir de muerte al catalán y al vasco. El gran escritor mexicano Vasconcelos, prevé en su teoría de la raza Cósmica, la necesidad de la cooficialidad de estas dos lenguas de América, haciendo obligatorio el aprendizaje del portugués, hijo del gallego, a las repúblicas de habla castellana y viceversa, el castellano al Brasil. ¿Lo sabe Unamuno? Si lo sabe se lo calla.

EL CASTELLANO ES UNA TORTURA PARA EL NIÑO GALLEG

El niño que no puede hablar con su

maestro y con su madre en gallego, ni elevar sus preces a Dios en gallego, que ve su hogar lingüísticamente dividido, hablando los padres en castellano en el comedor y los criados en gallego en la cocina; el campesino que tiene que cumplir leyes redactadas en un idioma que le imponen, pero que no le enseñan, y declarar en los tribunales con previa traducción del testimonio y de la pregunta que atestigua, y contratar y obligarse en castellano, ignorando el valor de los términos que le atan para la convención; el pueblo que ve una minoría de hombres de villa y de ciudad, hablando un castellano imperialista y despotico, muy distinto en su melodía y su valor espiritual de aquél de sus sacerdotes soliloquios, "en los que cabalgando en su dolor — como dice el místico alemán — busca con ansia su verdad", indudablemente han de sentirse déprimidos, vejados, envilecidos por un régimen bilingüístico, que nace de la violencia y no del amor.

Cinco siglos son los que lleva el castellano imperando oficialmente en Galicia; y hasta la fecha sólo ha conseguido arraigar en el mundo oficial, con un censo que apenas alcanza a unas docenas de miles. En cambio, en las veinticinco mil aldeas vibra una sola alma y late un solo corazón, tomando cuerpo en el poema vivo y secular de nuestra lengua gallega, en el Verbo, es decir, en el pensamiento hecho acción, en alas del amor guiado, verbo que encarna e inmortaliza, conciencia histórica y todas las reivindicaciones y los genuinos ideales del galleguismo en el porvenir. En la lengua ha de afirmar su personalidad libre este pueblo libre. Si el poder constituyente gallego no logra legislar en gallego, para la hermandad ga-

lega, gozará de una libertad otorgada, no lograda por esfuerzo y señorio de lucha y de trabajo.

MISIÓN DEL IDIOMA GALAICO PORTUGUÉS

El primer deber de los gallegos es libertar el habla del monopolio de una lengua que hasta hoy sólo logró hegemonía política, pero no real. Restringirlo a las escuelas maternales y primarias, como lo que se otorga ahora en Cataluña, es poco cosa. Galicia tiene la misión providencial de hermanar en libertad e igualdad y en la necesidad común de aspiraciones al pueblo castellano y al pueblo portugués, que se aborrecean por incomunicación, y lograr una solidaridad peninsular, que respete la sagrada soberanía de Portugal, sin miedo al más leve asomo de imperialismo, que provenga de las mesetas. Galicia ha de unir en su seno maternal a dos pueblos grandes y el habla ha de ser el vehículo de amor y de comprensión para ambos. Cuando Portugal vea que su propia lengua adquiere categoría oficial en España, ¿qué recelo ha de tener para reintegrarse en una "antifisionia hispánica", que respete integralmente su libertad nacional? Porque todas las libertades son nulas sin la libertad de la lengua, que es el vehículo de la libertad de pensamiento y de la voluntad y el cauce secular de la cultura espiritual de un pueblo, que ha de fraguarse en libertad. No hay pueblo libre con el pensamiento y la voluntad espiritualmente aforados en una lengua extraña. La primera condición de un petrificado real efectivo, no meramente nominal, de entejuelas, no mera galliegada europea de "lares gallegos", gallegos sólo de nombre, es la preconcienzia integral del individuo, libremente pensada en su lengua y en su lengua comunicada a los demás. Toda manifestación de voluntad deja de ser plena, si ha de ser traducida. La lengua intermedia al traducir el pensamiento y la voluntad, ya los traiciona por leve que sea el empeño. Para crear una cultura libre, con espontaneidad, con verdad, con pureza, con vigor, con fuerza, con lozanía y con inagotable fecundidad en sus valores, hace falta libertad de espíritu. El espíritu no puede volar sino con alas de la propia lengua a través de los cielos de la propia tierra. Para ser caballero del ideal — como dice Nietzsche — hay que saber seguir el canto y el vuelo del ruiseñor soberano, de su vuelo y de su canto "Una cultura — dice Spengler — en su sentido más elevado, ha de ser nacional, como fue la de los griegos y es la de franceses e ingleses".

Y más adelante prosigue: "Sin duda alguna, la lengua de una nación, es la expresión más amplia, más profunda, más fuerte de su carácter; la forma plástica más genuina de todo su pensamiento, sentimiento y voluntad".

"En la lengua se realiza la gesta poderosa de una nueva creación de la vida". Las investigaciones de Wundt y de la moderna psicología experimental y colectiva, llevaron al mismo resultado. El lenguaje no sólo es una herencia, una tradición, es un imperativo de trabajo, una energía que mantiene el alma del pueblo — como afirma Guillermo Humboldt — en perpetuo devenir; es un caudal que se agranda con el trabajo de las nuevas generaciones, y que crece en ambiente de plena libertad o que se ahoga y se sepulta por la mano brutal del despotismo. Por eso sostuvo Herder en sus "Fragmentos", publicados en 1808, "que el mayor mal que puede infiligrarse a un pueblo o nación, consiste en despojarla de su propio carácter, robándole la genialidad de su espíritu y su lengua". Y Fitche, en sus "Discursos a la nación alemana", pronunciados en 1808, mantuvo la tesis de que para crear una cultura nacional hay que hacerlo en la propia lengua nacional. Lo que se transmite en lengua extraña se aprende. Lo que se transmite en lengua materna se vive. Que estéril es la enseñanza que sale de labios del maestro! Será fuente de saber, nunca de vida.

i Desgraciadas las generaciones nuevas, condenadas a vivir castañadas, impotentes y estériles para la vida espiritual, por haberse cortado las alas del alma! ¡Ay de los pueblos que se dejan arrebatar su lengua! Pensemos como gallegos ahora que está sobre el tapete el hecho vital de recobrar nuestra personalidad de esta hora histórica; pensemos en hacernos dueños del propio lenguaje, alfa y omega de todos los derechos de libertad espiritual y postulado de nuestra cultura nacional. No pedimos gracia, sino que se nos deje usar y disfrutar lo que ya es nuestro por derecho justo, natural, inmanente, vivo, eterno, irrenunciable. Nosotros, no seremos nosotros, si no sabemos sentirlo, pensar, quererlo, vivirlo y expresarlo en gallego.

O "Far West" Galego

Todolos pobos teñen seu "Far West". Falamos dos pobos vivos. Pra Hegel é lei humano o camifar das culturas sol. C'a marcha aparente do sol a soila que pesa e importa nas correntes do espírito humano. Algunos isolados pódense no seu gabinete infruir pola derrota do archipiélagos soñar no espacio infinito car'a costelación da Lira. Mais isto non ten que ver c'a siognomía das culturas.

Tamén hai pobos qu'arelán o nacente. Son poucos. Poderíase facer coles un grupo en grande parte oposto os outros. A maior forza dos árabes tende a procurar o norte onde nace o sol. Asina cabalga pra as serras disformes da Asia e deixáronse levar polo soplo da invasión.

Son pobos que teñen medo á noite creadora. Os pobos do ocidente foron buscar o leito do sol e tamén o seu nacemento pola ruta da noite e da morte. Soñio perdéndose nas tebras pódese gozar da felicidade do abrente e en certo grado criar pola agarra e a espranza o novo dia. Os chinos de castas ó seu oceano, viaxeiros de terra nunca pudieron chegar ás orelas occidentais. Os pobos atlánticos da Europa dando a volta ós mares decatáronse de que a noite e a mañán son feitos do espírito humano no planeta indefrente.

O Far West está en nos, na entraña de Galiza. Hai que conquerilo, facendo unha Galiza ceibe com'un fermoso navío, sempre pronta á noite dos novos problemas pra ser díno de navegar nas augas do nacente. Pénse moito en cousas secundarias para que a nau poda largas as amarras. Pénse en cousas qu'outros pobos conseguiran dominar no século XIX e que xa somentes llévanse de estorbos cando non os tiranizan. Por ex, as máquinas. A Galicia ten que chontar sobre as ruinas do XIX e pórse dereitamente nos anos apenas cosechados do XX. O fermoso navío ancorado, ás veces pontón malencónico, tén que franquear as velas ós aires do espírito, do seu espírito, cunha fe e un fanatismo semellantes na forma ó que animaba á grea de Israel contra todos os modos aparentes, impresos e culturas. Chegará o tempo no que os chamados tolos reinen no mundo, e os listos, os práuteos, os serios, señan na lembranza pantamas pretéritas de un pesadelo esquecido.

Froito Touza Sergude.

O IDIOMA

Sendo o orgao mais axeitado para todolos aitos da vida nacional galega o emprego do noso idioma, temos a obriga de percatarnos que elo é tamén unha costión de dignidade. Ele ha de ser díno de fraternidade antre os que levan a mesma sangue nas súas veas e de consagración a Terra-Nai, que hoxe ollamos escrava e anceamos que mañán nos acolla no seu seo como seres libres.

A MISIÓN

de

GALIZA

Galiza ten a misión de afirmar ante os povos peninsulares a sua liberdade como comunidade sustantiva e ceibe, e forxar con elas a federación orgánica que teña por oxuxivo atraguer a Portugal, a seo das nacións hispanolas, hoxe arredado d'ellas pola política ausorbente e intrasidente de Castela.

O Bloqueo Comercial de Galiza

Por falla de comunicacions Galiza sigue sendo un Fistera cando debía ser unha porta de España e de Europa. Velahí un tema de moito interés, que os galegos teñen esquecido. Mais eu quero plantealo agora en breves comentarios para demostrar que o Estado español foi, e sigue sendo, separatista de Galiza.

Se hai algún povo que ame a vida de relación ese povo é Galiza, ainda que, por ver o seu aillamento atual, todos pensen o contrario. A culpa de que a nosa Terra siga sendo un fin do mundo recái exclusivamente sobre a Hespaña centralista.

Vexan todos como a nosa acusación é verdadeira.

OS CAMIÑOS ANTIGOS

Se Roma logrou latinizarnos a fondo foi porque, aparte da súa superior cultura, soupo dotarnos de camiños e pontes, para fortalecer primisimamente a nosa unidade e someternos dispois ao seu xenio ademanistrativo. Verdade é que polas calzadas romás, que cruzaban o noso chan e que nos avenellaban ás demais provincias do imperio, entrhou a cabalgada xermana e más tarde a sarracena; pero o sen aquelas vias de comunicación non chegarían a Galiza os pelegrinos europeos e con eles o arte e a sabiduría oucidencial. A universalidade de Galiza nos séculos medievais debémola aos camiños que Roma abriu para o seu proveito nas provincias sometidas á súa soberanía.

Para formar o albre xenealóxico da primeira e única unidade que gozou Europa servirían os camiños antigos que de todas partes chegaban a Galiza. Esto sábeo calquera que teña leido a Emile Male ou a Kinley Porter. O albre simbólico comezaría por un tronco hispánico que arranca de Compostela e que se bifurca ao chegar á França para multiplicarse en infinitas penas que van a perderse nas neves de Polonia. No tronco d'este albre de camiños sumouse unha moiéudume de nacións e ali nascen a concencia común do Océano, que delataba os seus froitos na nosa terra. Tamén a alma viaxeira de Europa recollía en Galiza os froitos do noso xenio nacional. E todo esto foi posible pola virtude dos camiños romás.

Di moi ben o sabio P. Fita: "Galicia fué madre fecunda da cultura española en la alta Edad Media". Pero esa cultura non teña nascido e, polo tanto, non se podería irradiar desde Galiza ao resto de Hespaña se Roma non se houvese dotado de camiños e pontes.

Velahí por qué os galegos somos uns "celtas romanizados" aunque as nosas predisposiciones psicolóxicas non se aveñan co xenio latino. E velahí, asimismo, un exemplo para os que pretenderon assimilarnos sen abrir camiños para chegar a nós e para que nós chegásemos a eles.

OS CAMIÑOS REALES OU ESTRADAS

O imperio castelán-aragonés do Tanto Monta, que nos someteu a unha escravitude inesquecible e impenitente, e a súa descendencia despotica, que en catro séculos de política absorbente non foi quen de asimilarnos, non somentes deixou de construir novos camiños no noso chan senón que cerrou os camiños antigos, por onde Europa entrara na Hespaña.

Unha Guia de camiños hespáneos, para ir desde Madrid "a todas las ciudades y villas más principales de España", publicada o ano 1798, continua o itinerario de Madrid a Santiago de Compostela coa seguinte advertencia: "Camino de ronda hasta Villafranca del Bierzo". E' que entón los camiños reais definianos nos lindieiros de Galiza, deixándonos incomunicados co Centro, sendo Santiago a única cibade-capital que non ía a Madrid por estrada. Consta que en 1799 o ministro do rei, Conde de Guzmán, non pudo cruzar en coche as provincias atuas de Ourense e Pontevedra. Hai máis: Galiza tivo que construir e pagar do seu pecto privado o camiño real que vai desde a Crux a Madrid, ou sexa, a chamada "carretera do Guadarrama", e o seu ramal ao Ferrol, de modo que unha vía que no seu maior traxecto pasa por Castela é un servizo público, tivo que pagala enteramente Galiza si é que quixo comunicarse coa capital de Hespaña. A segunda estrada que se abriu cara Madrid foi a de Vigo a Villacastín, e fixouse mediante un anticipo reintegrable das provincias por onde pasaba, e Pontevedra, dispois de sostener un pleito co Estado, logrou cobrar o que se lle debía en 1935. Compre decir que a estrada republicana hespáñola. Pra éles, certamente, todo se reduce

era galego. Efectivamente. Podemos, pois, decir que Hespaña foi separatista de Galiza muito antes de que existissem galegos separatistas.

Por falla de comunicacions terrestres perdeu Galiza, na hora inicial do comercio marítimo, a oportunidade de ser un porto avanzado de Europa para América. Galiza sigue considerada como un Fistera, como algo que non val a ningures. Certo é que Galiza dista menos de América que ningún outro cabo de Europa, e que, ademáis, conta cos melhores portos naturais de Hespaña; pero estas excelencias outorgánselas pola natureza, de nada podían valer ante a falta de comunicacions terrestres, ante a incapacidade do Estado hespáñol.

ESTRADAS, FERROCARRILES E PORTOS

Galiza debía ser atendida como base principal do comercio ultramarino; pero se antano Castela non se sirvieron dos portos galegos para absorber as riquezas do seu lonxano imperio — o monopolio desta función exerceu Sevilla e dispois Cádiz non hai dúbida de que a partir da emancipación de América e da liberdade do seu comercio mirrou a importancia dos portos andaluces e xurdiu a dos galegos. Calquera comprende que Hespaña estaba obligada a estimar a posición xeográfica da nosa terra, como rota natural e de privilexio para un novo ideal de grandeza e soberanía de todo para servir a unha política de decoro e dignidade hespáñola. E para que Galiza poidera salvase e salvar a Hespaña era preciso dotala de excelentes obras portuarias con servicios de transportes modernos e comunicacions, non somentes terrestres senón tamén aéreas; pero, principalmente, nece- sitaba un camiño de ferro directo á fronteira da França, é decir, unha nova vía de europeización, un novo "camiño francés". E lembramos que por defender esta tesis frente á opinión aliancionista dun Gobernador de Primo de Rivera, no ano 1924, foi encarcelado un periodista de Vigo.

Cando Galiza era un nō de universalidade, o Atlántico non conducía a ningunes. Galiza era un Fistera. Entón o Mediterráneo era o mar da civilización. E cando o Atlántico conduceu ao Novo Mundo, Galiza xa perdiera o seu destíno como nación. A Iolística de Castela, encol de América, estaba defrmificada por unha ideia de esplotación mal entendida, e os seus portos eran andaluces en vez

de seren galegos. Pero agora, cando América non se deja esplotar nin transiugue moralmente, cando é preciso poñer algo máis que o xesto heroico ou a retórica consular, cando se necesita moito trabalho, moita intelixencia, moito amor, entón xurde Galiza como vencella obrigado. Xa non é lícito pensar no velocino de euro, e o que se conquira terá de ser por comenación mutua e por outros ideas de humanidade. Agora a forte é América; o enfeble é Hespaña. E nestas condicions resulta parvo falar de hispanidade se non se conta con Galiza e os galegos.

Di García Martí no seu libro "Una punta de Europa": "Galicia puede salvarse y salvar a España sin esfuerzo, sin salir de su posición sentimental. Vuelta hacia el pasado, sintiendo la saudade de sus grandes pretéritos, que miran hacia el mar Atlántico como una liberación; de espaldas al interior de España, como repulsa contra la esclavitud y la pérdida de la personalidad que el centralismo significa. Galicia puede redimirse y alcanzar la plenitud de la personalidad a que tiene derecho".

En fin; Galiza debe mirar a América para servir a Humanidade; pero é preciso que Hespaña mire ao mundo que ela descubrou a través de Galiza. A nosa terra debe ser a porta monumental de Hespaña; pero así como Europa abre camiños para chegar a Compostela así América debe abrir camiños, no mar e no ar, para entrar por Galiza en Europa, si é que o vello continente ten algo que ofrecer ao novo. Pero a dificultade e decoro de Hespaña eisixen que Galiza saía do seu aillamento forzoso. E' preciso que Galiza deixe de ser un Fistera.

UNHA ANECDOTA

Fai pouco tempo que un persoaxe español, porco afeto á nosa peculiar psicología, encarouse cun emigrado galego, que a força de traballo e de natural intelixencia se fixo rico sen deixar de ser honesto, modesto e xeneroso. O persoaxe hespáñol reclinou ao emigrado galego polo separatismo que de un tempo a esta parte se ven observando en todo fío de Galiza. O persoaxe quixo aco-

quinar dende a súa outura ao sinxeleiro e honesto emigrado galego e veleihí o que iste lle respondeu:

—Mire Vd., señor: Cando embarquei en Vigo para vir a Bós Aires, o trasatlántico non podía atracar ao pelrín e fondeou a moita distancia. Eiquí, en Bós Aires, si, atracou, a pesares de que este porto é artificial e de moi custosa inxeniería. Pois ben; ao cabo de trinta anos visitei o meu país natal, que nunca se arredou do meu pensamento, o trasatlántico en que fun alá atracou a todolos pelrás de todolos portos por onde pasamos, menos no de Vigo. Ali tiven que embarcarme nun bote, que me conduxo dende o trasatlántico a ter que embarcarme nun bote, que me ravillosa, aquel porto natural, que con escaso sacrificio do Estado podía convertirse nun dos melhores do mundo, eu digolle a vostede que non sei cómo Galiza ten tanta pecencia!

FERROCARRILES

Para saber de qué modo nos tratou o Estado a este respecto compre reprodúcir un párrafo do ilustre pensador galego, don Eloy Luis Andréz: "El sistema ferroviario español parece estar hecho para que Vigo y La Coruña se vean impossibilitados de expandirse y arraigar económicamente dentro do sector peninsular que les corresponde como hinterland, con el aviso propósito de proteger otros puertos colocados fuera de las corrientes del tráfico mundial y peor dotados para una adaptación natural de la economía española a la europea y a la hispanoamericana". E dispois de aguillorar a Galiza para que defendida con tesón os seus direitos, di máis adiante: "Estoy seguro de que los que hoy tienen en sus manos el presente y el porvenir de España, han de indignarse con mezcla de sorpresa y asombro contra un pasado que postergó los sagrados intereses del pueblo gallego, convertido en burro de carga para llevar sobre su lomo el peso del presupuesto, con el qual engordaron otros pueblos peninsulares".

Elby Luis Andréz comparaba as distancias xeográficas e por ferrocarril entre os diferentes portos da península e os de Galiza respecto a Madrid, para patentizar, coa evidencia dos números, a preterición que sofre os portos galegos, especialmente o de Vigo, pois habendo pouca diferencia de distancias naturaes resulta extraordinaria a diferença de distancias por ferrocarril. Vese ás claras o perseverante coñido con que os Go-

bernos de Madrid mantiveron o bloquedo comercial de Vigo a A Cruxa como portos de importación e exportación. Se compararam os distintos plans e proiectos ferroviarios que se trazaron no papel para contentar e bulir as aspiracions legítimas de Galiza, observase que foron mirando. O plan antigo de ferrocarriles para Galiza comprendía un total de 1513 kilómetros; pero dispois foi rebajado a 977 polo Consello Superior de Ferrocarriles. Mais tarde o sonado Conde de Guadalhorce reduxo a construcción dos camiños de ferro en Galiza á liña de Zamora-Cruña, pasando por Ourense e Sant-Iago, é decir, uns 500 kilómetros, que é, aprosimadamente, a terceira parte do que Galiza tiña xa acadado e incorporado aos vellos plans e proiectos. Todos saben que Galiza é a terra hespáñola que ten menos ferrocarriles a pesares da sua densidade de población e que o plan da dictadura primorriovista non cubría nin con moito as nosas necesidades vitas. Pois ben; ao adiante a República xa se atopaba bastante adiantada a construcción do chamado "ferrocarril galego", do único que nos quedaba, e don Indalecio Prieto, á sazón ministro de Obras Públicas, quixo paralizar esta obra, reducindo a cero todolos plans e proiectos concebidos.

Vexamos como comenta este feito don Manoel Portela Valladares: "Somos la rexión que por su extensión y población posée menos ferrocarriles de España. Y no hablamos de la escasez de trenes, de su marcha a doce kilómetros por hora, como el que nos comunica con Portugal. Y cuando, por fin, al cabo de sesenta años de espera, comienzan las obras de Orense-Zamora, se nos dice, sin ánimo de mofa seguramente, que las vías férreas pasaron de moda y que Galicia, por su insignificancia económica, no puede sostener esta comunicación. Lo más grave es que, cuando, acudiendo a remediar esta terrible omisión del Estado, las iniciativas y el capital gallegos crean los transportes por carretera, se estima que hay que contenerlos y disminuir los para salvar los ferrocarriles, unos ferrocarriles que no tenemos. Y así se nos condena a quedarnos sin el antiguo y sin el moderno medio de locomoción, a parálisis absoluta. El problema de las comunicaciones de Galicia es diferente del problema del resto de España - sigue ignorándose por el Estado".

RESUMÉ

Abreuse, por fin, con charangas e discursos, o insignificante anaco de vía férrea que une a Sant-Iago coa Cruxa. ¡Non faltaba máis que deixara de inaugurar unha obra que xa estaba a punto de ser rematada en xuño do ano 1936! Dispois de todo, este ferrocarril non modifica en nada o bloqueo que sofren os portos galegos para favorecer a outros portos hespáñoles. Pero apostariamos a que Franco non inauguraría o treito Zamora-Ourense, nin o de Ourense-Sant-Iago, que acortan as distancias dos nosos portos con Madrid fóra de gran regalo que nos fixera Guadalhorce a troque de cancelar todolos nosas legítimas ardas de relación co Centro da Hespaña e con Europa. E vai para vinte anos que tales obras foron começadas!

Nada sabemos do chamado ferrocarril da costa —xa vello e antigado antes de terminarse—. Non sabemos que a Hespaña de hoxe, propulsora do fascismo totalitario, restablecerá o plan de camiños de ferro propriamente galegos, tales coma o de Marín o Ribadeo, por Lugo, nin o de Vigo ao Ourense-Zamora, por Arnoia, nin o da Cruxa a Corcubión, etc. Colgamos que estará prohibido falar da vía férrea de Vigo a Hendaya, non pasando por Madrid, porque semellante idea é antipatriótica e separatista... Todo, absolutamente todo, debe pasar por Madrid!

En fin; a proba de que Galiza sigue sendo un Fistera, como nos tempos en que o Atlántico non conducía a ninguna parte, está en que os barcos españoles pasan de largo por diante dos portos e van a valdeirarse de mercancías e pasaxeiros nos portos máis a lonxados da América, nos portos creados artificialmente para bloquear ao noso país e bulirase da nosa situación xeográfica e do noso natural destino.

Non se trata, non, dunha desidia xeral do Estado hespáñol, que descoide os seus intereses; tratase dunha ofensiva contra os portos galegos, conscientemente exercida, para favorecer a outros povos. E así Galiza, que debía ser o mellor porto europeo, é ainda un Fistera.

En Voz Baixa I-Entre Nós

por
AVELINO DIAZ

Os republicanos hespáñoles d-eiquí — lo parecer, tamén os que se atopan n-outros países d-América — están agardando, como almas en pena, a volta da República en Hespaña, a nova presencia do réxime que a elas les é mui querido ia nós, os galegos, tamén.

Máis, a xuzgar polo que se lee e sescoita por el, os republicanos hespáñoles "de velo cuño" non adeprenderon nada nin se decataron do que pasou no mundo nos derredeiros anos e do que, ainda, esá pasando. Tamén se deixou entender que esos republicanos non ollan ó porvir nin sinten mais inquietanzas polo mañán que as propias do feito "en sí" da volta da república.

Parece que somentes agardan "la llegada de la niña" pra poñela, gozal-a e, despois... Deus dirá; do mesmo xeito que antes, cos mesmos métodos iás mesmas poucas incrinacions, ou desexos, de mellorar, de renovarse, de poñerse a tono co que xa é, ou, que virá.

Non se lles ouseva por ningures unha manifestación de nova inquietanza, nin un desexo de reutificación, nin un afán de buscar novas roitas pra guiar por elas a nave do futuro Estado, dispois de sostener un pleito co Estado, logrou cobrar o que se lle debía en 1935. Compre decir que a estrada de Vigo a San-Iago pagouna o Arzobispo Malvar, que por casualidade

están un pouco ó día; saben bastante do "hoxe" e perciben algo do mañán inmediato. Estes (e con ellos nós) queren tamén o eclipse total do franquismo falanxista, queren que se volva a instaurar a República, pro, saben que esa volta do réxime republicano ten que producirse de xeito diferente e que a vida republicana hespáñola ten que ser unha "nova vida".

A república ten que renovarse moito, ten xa que ser outra ó chegar, non vir con tantas garbas nin con tantas verbas hocas e traguer, en troques, moitas enerxías i-entusiasmos pra facer cousas grandes e dirías, pra facer o que non se soupo, ou non se quixo facer, na derredeira época republicana.

A república ten que empezar por coñecerte a si mesma, coñecer o seu destino, coñecer a Hespaña e ter nocios do que será o mundo n-nun futuro próxximo. Esto é o que eu coido que xa saben os republicanos que non son hespáñoles nin hespáñoleiros, querse decir, os galegos, vascos e catalás, que son os chamados a ter a reitoría na política republicana hespáñola do mañán.

Hespaña, co réxime republicano, ten que ter unha nova estruturação política, ten que

(Continúa na páxina 6)

O Remorso do Mar

I

Morden os cans das ondas nós cantiles,
encerrados, branqueándolos os chavellos;
i-unha ves, i-outra ves, e centos miles,
van arrincando á terra algúns gadellos.

Morden os cans das foulas nás quebrantes,
porque o vento Noroés os acaudela;
mais, con verbas terríficas, balbordantes,
seu renome de ceibes acoitela:

—¡Qué fixéstedes vós, dos que afondaron,
i-atados pés e mans!, no voso seo?;
i-de aquélles que ¡sin dó! crucificaron
por telo patriotismo más sereos?...

Nada ás voces que o crime lles relembran,
os cans enfurecidos fan escoita...
¡Seio síntense as pedras que retembran
i-o balbordo do mar na fera loita!...

II

Cormoráns e gaivotas, dan ós ventos
seus punxentes agoiros na marisma,
relembrando do Atlán os sufrimentos
diante ós crimes do Feixe e da Mourismia...

Hai bandadas de corvos e miñatos,
como nunca os houbera, nós pináis:
i-Da traición dos Herodes e Pilatos,
e carniza futura, fan sinais!

Hai un algo que medra polo ambiente.
unha cousa sotil, baruda e forte...
i-aquela que o patriota n-alma sente
e arrincala non pode nin a morte!

Unha ideia da Patria sagrosanta
que n-alma toma corpo, i-é concencia,
e, cal faro fulxente, se axiganta
esbarando prós lobos a sentencia:

¡Unha man que n-as laxes inscritura
outro agéirico MANE, TECEL, FARES (1),
e que o mar, ¡Noso Mar!, o desfigura,
pouco a pouco, rompendo a sete mares!...

III

N-abondaban prós mar os feros días
de naufraxos, de mortes e tormentas,
senón que as más nefandas traidorías
asocialo quixeron, medofiantas,

c-6 segredo más duro dos segredos
de unha Noite sin Luz, Amor nin Norte:
i-que ós irmáns-os Caíns e Recaredos (2),
con pedras ó pescozo, deron morte!...

Mais non quixo, ¡non quixo!, c-ós algazos,
mesturar os seus fillos más queridos,
e por elo, chorando, nós seus brazos,
sobordóunos n-as praias e coídos.

Da sentencia prós feros Cristiñadas (3)
tampouco tén aguante ollal-as verbas
azanantes, proféticas, sañudas,
que fixeron ás ondas más acerbas.

¡Non quere tela culpa dos ultraxes
de afondaren patriotas no seu fondo!;
¡¡Por elo, co-as gadoupas, contrás laxes,
martela noite e día con estrondo!...

Antón Zapata García

- (1) Verbas que, unha man de fogo, escribíu na parede do salón onde estaba facendo unha orixa Baltasar, derradeiro rei de Babilonia.
(2) Recaredo, irmán de San Hermenexildo, contra quem induxo ó seu pai Leovixildo — arráns antramos — pra que o ase-síñara, c-6 degaro de heraldo. Tanto Leovixildo como Recaredo — conversos logo ó cristianismo — foron douz ti-ráns da terra galega, coma reis que foron dos gados e suenos, singularesmente o primeiro. As feras seguiron reproducindose!
(3) Cristián traidor, mistura de Cristo e de Xudas: monstruoso teratológico espirital.

CASA SIERRA

Grandes Establecimientos Funerarios

Callao 255 — Fco. Lacroze 4168 — Rivadavia 6602
Córdoba 5375

TELEFONOS: (54) Darwin 7000 - 1363 - 9000 y 1020
(38) Mayo 6056 — (63) Volta 7600

Sucursales en V. López, Olivos, Martínez y San Isidro (F.C.C.A.)
(CONCESSIONARIOS DO CENTRO GALEGO)

Necesidade

Improrrogabel

Impõe a improrrogabel necesidade de establecer un orgao plurinacional que incorpore a Castela ao movimento dos países vasco, catalán e galego e que recabe a más axiña e eficaz estruturación do Estado español, de acordo coas realidades dunha auténtica Hespaña.

Homaxe a Prieto

Marcos

O sábado dia 2 do corrente mes, tivo lugar a cea que un grupo de amigos e admiradores do fino poeta galego Manuel Prieto Marcos, lle ofreceron co gallo da publicación do seu formoso libro VERSOS EN GAMA DE GAITA, que tanto éxito de crítica e de público obtivo ante nós. Realizouse no salón do Centro Orensan e a él asistido o más abultado da noxa colectividade; sentándose a mesa co homaxeado, entre outras coñecidas persoas, Castelao, Alonso Ríos, Mañel Puent, Elpidio Villaverde, Zapata García, Domingo Maza Lois Seoane, etc., etc.

Ao final, falaron Zapata García, ofrendando a demostración, Alonso Ríos facendo o eloxio do poeta e da sua obra, e rematou os discursos Ricardo Flores, agraciando o homaxeado en nome do festexado, que por unha doenza da ggora non o puido facer él. Todos colleitaron moitas palmas.

Unha Hespaña Grande

Nós arelamos unha Hespaña grande que respeite a liberdade e soberanía de cada povo peninsular. Loitaremos contra o poder hexemónico que intenta afogar a nosa personalidade para convertirmos en imitacións alleieras ou remedios da más tristeira condición.

As grandes festas de Colectividad Vasca PATRIOTISMO, ARTE RELIXIOSIDADE

Así como o mes de Xullo foi un grande mes galego, o de Agosto foi un mes vasco; un mes de afirmación dos seus valores colectivos: Patriotismo, sociabilidad, arte, religión.

En Bós Aires, Córdoba, A Plata, Gualeguay, Necochea, Rosario, Mendoza, Arrecifes, Roldán, Xunín, etc., etc., a colectividade vasca fixo estean un verdadeiro alarde da sua unión, do seu bon humor, da sua saude física e moral, e tamén da sua relixiosidade e do seu patriotismo vasco.

Eiqui na Capital temos de sinalar especialmente o festival folklorico do Teatro Presidente Alvear, no que se puxou en escea unha obra do Dr. Lasarte, membro de Galeuzca e grande amigo dos galegos, un banquete popular, os actos relixiosos en honor de San Ignacio i as lucidas exhibicións e romerías no Laurak-Bat.

Nos actos do Laurak-Bat falaron o vice-presidente d'esta institución, señor Joaquín Gamboa, o bspº de Viedma, o presidente do Centro Navarro. Todos eles se refirieron aos caratteres do povo vasco, que trataron de emparellar cos más outos e puros ideales do cristianismo.

Unha fonda impresión de saudade e forteza nos deixaron os seus xogos e cantos, la pureza do seu sentimento patriótico e relixioso.

EN VOZ BAIXA I-ENTRE NÓS

(Ver da páxina 5)
afrontar grandes reformas no social e no económico, ten que poñerse a tono co resto do mundo e ten que andar, en pouco tempo, un longo treito xa que, como é sabido, leva un atraso de moitos anos con relación ós outros pobos d'Europa.

Logo pode soceder que as cousas tomen un novo cariz se, de onde menos o sospeitemos, nos ven un alento. De non ser así, somentes algo imprevisto pode provocar a caída do franquismo e, neste caso, ainda cabe outra hipótesis: ¿non lle terán preparado un substituto que non sexa o que nosoutros queremos? Londres e Washington, se non están contrá República, non están a favor d'ela. Dacordo ós seus intereses nunca poden estar a favor.

Hai que ter en conta que non é posibel fuxir da realidade a que nos dí, tamén, que unha República en Hespaña, ben eis-tructurada, ben enderezada dc-o porvir, tampouco non pode confiar nin pode ollar moi ben a certos países (deixémonos de idealismos parvos e pensemos que hai unha realidade xeográfica hespñola) pese a todo can-

to se dixo, se dice e se dirá en col do que éles representan como eixpresión de democracia e libertade. Non hai que esquerer a trasformación que s'está operando n-éles, que aspiran a constituirse en reidores do mundo; hai que ter en conta o fautor de Portugal e o feito de que este país se chegue a xunguir, en irmandade, a unha federación d'estados ibéricos n-un réximen republicano avanzado.

Eu penso sinceiramente que a República en Hespaña ainda se fará agardar un pouco. Desgraciadamente, non depende soio dos hespñoles; depende moito dos alléus e das cousas que aínda teñen que soceder no mundo.

Hai que prepararse a ter pacencia. Iaporveitar o intre, can-do chegue. Que chegará.

Camisería de medida fina

PREZOS BÓS

BRIGO

Sáenz Peña 14 - Bós Aires

ONE-ELEVEN

EL GRAN CIGARRILLO

AMERICANO

35 cts.

DALTON

(Marca Registrada)

Amplio surtido en
Camisas, Chapeus
e Garabatas

AV. SAN MARTIN 2336
U. T. 59-5641 — Bós Aires

Manuel Núñez

CANGALLO 409

CANGALLO 401

RIVADAVIA 2599

CAMBIO Y LOTERIA

LIRICA GALEGA

¡MOE, MUINO!...

O muíño moe, moe, moe;
o muíño moe, inda que coroe
a artesa a fariña, o piorno o gran;
o muíño moe, porque a fama roe
cando non hai pan.

O muíño canta, canta, canta.
Aquil seu contíno batelar espanta;
é como unha vos
que chama no ermo, e que se adianta
a xornada santa,
a todal-as arelas que sentimos nós...
O muíño chora, chora, chora;
pol-a vella, vella, que o neto acocora;
por aquil cruceiro que no adro cai;
por aquel meniño que ficou en bóra

cando no mar fondo s-afundiu a nai.

O muíño fala, fala cando xuntos
homes e muleres cuntan ises cuntos,
na hora do solpor
de cregos e frades, trasgos e defuntos,
e as mans dos rapaces pratican de amor.

O muíño chora, prega, canta, ri.
Velio tolleirón,
ben sabe o que fai. ¡Ben sabe o que di
na liturxa anterga da súa orazón!

¡Ollou tantos tempos o vello muíño!
Xa a roda rodaba, cando o pan e o viño

★ XERARDO ALVAREZ LIMESSES ★

inda n-eran carne, sangue de Xesús;
cando o seu camiño
non-o escomenzara o Mártir da Crns.
¿O muíño é celta? ¿O muíño é grego?...
No outo do castro o primeir labrego
xa ofrendou a roda a Liun e a Gael;
espallou a vida pol-o chan galego
e o chan apegado sempre lle foi fel.

¡Moe, canta, crama, muíño! ¡Aturuxa!
A lénida que gardas será a insina bruxa
de un tempo baril.
¡Cando as fouces brilen, cando o pobo
moerás, muíño, xuncal e xentil!...

Vai Agonizar o Día

Pol-os mares do infinito
a nao ardente camiña;
deixando detrás o sangue
entramentras que agoiza.

¡Pastores, fuxí do monte,
que vai a morrer o día!

Envolveita pol-as tebras
sai de sócato da furna
dando sifales da nova
a taciturneca lúa.

¡Préñade a i-alma, recordos
amasados con bagullas!

Oucense fondos salaios
de unhas agoirentas aves
que van dormir, arrolladas
pol-o rumor dos pinais.

¡Dende as rexiós do mistério
chorade, núbens, chorade!

¡No cadaleito da noite
xacente a lus dormecida!;
a natureza, de loito;
no ceio, velas prendidas...

¡Para rezar pol-o morto,
chamade, campás da ermida!

ALFONSO CASTRO DONO

FOGUETE

Rube o foguete ás outuras
facendo sega de estrelas.
¡Dourado autono de gachos!
¡Colleita das luces secas!

Como pedradas os tira
o labrego fogueteiro,
escachando con estrondo
o vidro do outo ceo.

Beira do río os tellados
empúrranse a coller canas,
e con medo de rapaces
engorripan as espaldas.

No queipo do val cairan,
xa serodios, os luceiros,
como os acios de albariño
nas vendimas do setembro.

Aló, no lonxe da ría,
e aldeán vento mareiro,
botando escumas de foulas,
arremeda ao foguetelro.

LOIS AMADO CARBALLO

Fragachan

Altivo e forte castro
da terra mariñán,
onde de Lartovedo
dormido o corpo está;
que falas pol-a noite
n-un estrano falar
que soio os bós e nobres
de cote entenderán.
Queixume vigoroso
de apreixado pinal...
¡Eu ben sei o que dín os teus
[queixumes,
castro de Fragachán!

Cando a casta dos celtas,
os netos de Armentar,
a túa vos escoiten
na dormida serán,
e vendo a terra escrava
deixen o milleiral,
e no cumbe do castro
se vexa escintilar
a fouce vingadora
xa cansa de segar...
¡Teus queixumes serán ben
[entendidos,
castro de Fragachán!

MANOEL LUGRIS FREIRE.

A VOS DO PASADO

Costante vagan dos nosos celtas,
costante veñen preto de nós,
pálidas sombras tremendo de ira
e dando berros de indignación.
¡Ai, eu as oio! I-en min enceden
puro e fervente da Patria o amor,
e ao vel-a escrava seu triste estado
párteme as cordas do corazón,
e a todas horas parésme que elas
falando estános con rabia e dó:
—¡Ouh, descendentes da nobre raza
que a vós en herdo groria deixou,
como puxestes o nome craro
que antes levaran vosos abós!
Xa das virtudes hoxe perdestes
santo o recordo co-a tradición,
e non cuidades de probio cheos,
en ocio eterno, do patrio honor.
¡Dos nosos tempos, úlos altares
que a xente nosa reverenciou?
¡Ai, non turbedes o noso acougo;
deixaínos sois co-a nosa dó!
Sóbore das nosas frias e tristes
revoltas cinzas, misero pó,
¡séculos cántos corren duros,
e raza cánta se desvanó!
Que o tempo todo co-a fouce sega,
e todo engole devourador.
Ao tempo dille: Non é verdade;
non pasa o tempo; pasamos nós.
Foi domeada pol-os pais nosos
a fachendia d-un invasor,

e o doce rimo dos nobres bardos
as armas nosas grorificou.
Despós a morte, sorrido alegre,
andou ás monzas ao rubro sol,
e a nosa xente de envilecida
buscó un amo, perdido o honor,
e as nosas tumbas profana fero
quen da ascendencia xa renegou.
¡Ai! Degradados, no vicio envoltos,
os nados vemos sen outro amor.
Non así fumos nós que lles demos
exemplos dinos de admiración,
ousada prole de bós soldados
que manexaban os enxadós,
a ben mandados das nais ás voces
cuidar sabían do tardo boi,
e ao sentiren dos instrumentos
o enardecente guerreiro son,
as armas presto despanduraban
e á loita fan con nobre ardor.
Mais hoxe a Patria, vils descendentes
dos que a vos grande libre pasou.
a estar deixades escravizada,
sofrindo o peso dos seus grillós.
A nai é vos. ¡Non lle valedes?
¡Non a librades da humillación?
Indino é o fillo que desleigado
esquece a madre que lle donou
vida e querencia, tras él deixando
lembranza eterna de maldición.

FLORENCIO VAAMONDE LORES.

¡Galicia! Nai e señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lexos; ente, ago-
(ra,
mañán... na vida e na
(morte!
R. CABANILLAS

a nosa terra

BOS AIRES, SETEMBRO DE 1944



ALEXANDRO BOVEDA

M A R T I R

MATÁRONO EN PONTEVEDRA
O DIA 17 DE AGOSTO DE 1936

ALEXANDRO BÓVEDA é o protomártir da nosa liberdade. Morreu por nos redimir. Caiu en chan fecundo, cun VIVA GALIZA CEIBET nos beizos. O seu corpo é terra da nosa Terra; o seu espírito é lume perdurable. Mandouno fusilar a mesma intransigencia, a mesma intolerancia, a mesma残酷de que matou a Prisciliano e a Pardo de Cela. E os gallegos temos a obriga de glorificar o seu nome e de cumplir a súa manda.

I eres a estrela que brilla
I eres o vento que zoa,
Rosalía de Castro

Pr'os mártires coroas.
Castigo pr'os verdugos
Curros Enríquez

Perdurável semenza
De vingadores fillos,
Eduardo Pondal

A IRMANDADE GALEGA DE BOS AIRES
ADICALLE ESTA LEMBRANZA NO VIII ANIVERSARIO DA SCA MORTE

HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS

Esta nova institución benéfica ben a encher un vacío na colectividade galega.

Dende hoxe os vencidos na loita pola vida xa non carecerán de fogar, e fogar agarimoso que lles recorde o seu eido natal.

En Domselaar (F.C.S.) foron adequerido trinta hectáreas de terreno con casa e instalacións necesarias para acoller polo menos a cuarenta persoas que percisen a axuda dos corazóns caritativos.

Sí vostede é bó galego, fágase socio desta benfeitora entidade, enviando a sua adhesión e

México 1660

- PRINCIPIOS DO
GALEGUÍSMO**
- 1 - Galicia, unidade cultural.
 - 2 - Galicia, pobo autónomo
 - 3 - Galicia, comunidade cooperativa.
 - 4 - Galicia, célula de universalidades.

Do libro de Castelao, "Sempre en Galiza"

FRAGMENTOS

Cántalle cantos ousados,
Que esforzado o peito fan.
Cántalle o que xa cantara
O nobre bardo Gundar:
¡A luz virá para a caduca Iberia
Dos fillos de Breogán!

EDUARDO PONDAL.

Comezo a escribir esta terceira parte dispois de comprobar, por inésima vez, a intransigencia española frente a calquera problema renovador do Estado. A inhumanidade da España nacionalista, empeñada en afogar o estremecimento dos particularismos españoles, non é precisamente o reverso da República que perdemos na guerra civil. E o que más nos doe é que os compañeiros de desterro siguen soñando coa República do 31, causa indireita da nosa dor.

En calquera época de tiranía ou de troque de réxime sempre abordaron os fuxitivos españoles. Eles eran acollidos con respecto en calquera país liberal, e a sua vida sublimábase tanto que no retorno aseguraban un prestixio persoal que, ao o mellor, non merecían. Hoxe os fuxitivos contámonos por centos de miles, e cando atopamos asilo compartimos a dor do desterro cunha moitadume incalculable de europeos, estes millor considerados que nós i en competencia con nós para gañaren a subsistencia. Así, a vida dos fuxitivos españoles á más triste e dooroza do que nunca foi para ningún. Somentes en América algúns atopamos traballo remunerado ou a quentura de vellos e xenerosos amigos; pero no mundo que circundaba a España sóio a fame, a miseria e a morte, recibiron aos nosos fuxitivos. Non é, non, que o mundo actual sexa más ruín; é que nesta hora do "sálvese quien poida" non hai lecer para tenrura nin para romancismos. O caso é que todos pensamos retornar en canto poidamos e que a maior parte dos desterrados coida que seremos recibidos con palmas e aclamacións do povo. Eu, polomenos, non creo así. Moito más que nós —os que vivimos en América— está sofrindo a xente de España, que non ten pan, nin roupa, nin sosego, nin liberdade. Calquera dos que vien en cadea ou dos que agonian perseguidos, teríase por moi feliz o día que poidese traspor a fronteira española. Millóns de españoles están sofrindo más que nós, envexando a cativa sorte dos desterrados. (Non hai pior desterro que aquel que se sofre no propio país). Esta é a crua verdade. E, polo tanto, nós debemos afogar os pensamentos vaidosos i entregarnos a serias cavilacións, porque seremos xusgados duramente e teremos que responder do que fixemos e do que non fixemos. Eu non comprendo que os republicanos españoles returnen a España sen levaran consigo o froito maduro do seu ensamblen de concencia e os pláns dunha reconstrucción da democracia, capaz de matar todos os futuros xermes do desbaraxuste. A mí poden pedirme contas de todo canto fixen ou deixen de facer, e sempre responderei con holmildade, se quén más pide sofreu más que eu; pero confío en que ningún me considere mal galego e mal republicán, indíno de retornar a miña Terra. E con esta esperanza quero levar este libro, como prenda das miñas preocupacións e testimoio do meu amor a Galiza.

Os gallegos estamos enlazados aos republicanos españoles porque con eles sofrimos os rigores da guerra civil e dispois os rigores do exilio, como agora estamos enlazados a todos os demócratas do mundo —incluso nos que nos traicionaron— porque porvir delles defende o noso proprio por-

vir. Pero é que os republicanos españoles non se disponen a retornaren a España levando consigo un plan de reorganización política, económica e social, que responda ao sentir dos desterrados. Fuxen de toda discusión útil e proveitosa para entregárense a disputas de índole persoal ou de grupo persoalista. Manifestan que "os problemas vitais de España teñen de ser planteados en España, porque é ali onde poden acadar soluciones axeitadas mediante a expresión da vontade popular". Esta teoría demagóxica é capaz de leválos á ideia de reemplazaren as eleccións por sorteio, e de formaren o futuro Goberno por un turno de rigurosa antiguedade entre certos profesionais... Esta ideia de que todo se verá dispois semella un temor á renovación que necesitamos. Non hai maneira de facerles ver que os refuxiados temos dereito a pollenos de acordo para levarmos a España un plan ben meditado e capaz de merecer os alaudos do povo. E como eles se privan de toda discusión proveitosa querem que os galegos, os vascos e os cataláns imitemos o seu proceder, por non chamarlle nulgalla e inercia. A discusión que más temen é a que se refire aos feitos diferenciais e á conseguinte estructura do Estado de mañán. Aplazan esta discusión para cando se vexan en campo propio e asistidos polo ambiente da rexión maioritaria. Non lles convén discutir con nós en campo neutral i espertos a confesaren o seu empoderido centralismo. Resúltalles más cómodo discutir con nós en Madrid e gañarnos unha votación no Parlamento... Galiza, por meiaición dos seus emigrados, está agora más perto dos xerifales da República que cando éstes mandaban desde Madrid. Agora é cando poden medir o grado da nosa vontade política, compárando coa das demás rexións, a través dos emigrados. ¿Por qué non se avén a discutir agora con nós? ¿Ou é que resulta más xusto que nós teñamos que ir a Madrid para discutirmos con eles?

Ninguén pode duvidar de que a vontade dos cidadáns de España, en réxime democrático, privara sobre dos acordos que agora tomásemos os refuxiados; pero é que dende os órgaos que utilizan os refuxiados dáselle á vontade española unha extensión totalitaria. Chegan a decir que o problema galego, igual que o vasco e catalán, depende da solución que acorde a maioría dos españoles... ¡Estábamos aviados! Non; a vontade dos españoles debe consultarse para resolver os problemas xerais de España; pero, en xusticia, só Galiza debe resolver os seus asuntos privados, como é dona de tomar a posición que se lle antoxe frente ás demás españoles. A vontade dos cidadáns debe sucederse á sabiduría política, pois pode a vontade maioritaria de España negar a Galiza o self-government, pero esto equival a trunfar polo violenza, i entón Galiza —que non cree en fórmulas convencionais— ensumiríase nun silenzio reconoso ou adoptara unha aición perturbadora. ¿Convenible esto a España? A paz permanente, que todos arelamos, depende dun troque de concepcións xeraes, capaz de tronzar a inercia pública. A sementeira de ideas uniformistas creou en España unha opinión maioritaria, que a todas luces resulta perniciosa, e, polo tanto, é necesario confiscar as vellas ideas e adicarnos ao cultivo d'outras mellors. ¿Non se trocaron os sentimientos monárquicos de España en sentimientos republicanos, gracias á sementeira de novas ideas? ¿Ou é qué os republicanos, fillos do liberalismo, non teñen direito a influiren na opinión pública?